

## Acta Reunión Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 6 de xuño de 2011

Hora: 12:00

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Juan M. Lema Rodicio

María José Carreira Nouche

M<sup>a</sup> Teresa Moreira Vilar

Pablo García Tahoces

Francisco Omil Prieto

Juan M. Garrido Fernández

M<sup>a</sup> Carmen Palacios

Puntos a tratar:

1. Aprobación da acta da reunión anterior

Aprobouse a acta da reunión do 23 de novembro de 2010.

2. Informes

M<sup>a</sup> José Carreira presentou un informe relativo ao proceso de seguimento dos títulos que afecta tanto aos graos de Enxeñaría Informática e Enxeñaría Química como ao Máster de Enxeñaría Ambiental. O informe de seguimento deberá presentarse no mes de outubro segundo o modelo enviado pola Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade.

Require analizar:

1. Información pública que a universidade facilita de cada un dos seus títulos
2. Valoración do cumprimento do proxecto establecido e os resultados obtidos, detección de boas prácticas, desviacións e toma de decisións.
3. Accións levadas a cabo ante as recomendacións establecidas no informe final de verificación e nos sucesivos informes de seguimento.

Plantéxase comezar a traballar sobre estes informes.

3. Axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia, convocatoria 2011.

Preséntanse as propostas de accións de calidade que se van solicitar. Esta convocatoria presenta como novidades que as axudas concedidas deberán gastarse durante o ano 2011 e deberán estar integradas dentro da Planificación Estratéxica do Centro. Asemade Juan Lema informa de que haberá só 150.000 euros fronte aos 450.000 da convocatoria anterior e primarán dentro dos criterios de selección a calidade das propostas que se fagan priorizando aspectos como a internacionalización e a empregabilidade.

Tendo en conta estes criterios apróbanse as seguintes propostas da ETSE por orden de prioridade:

- Apoio á xestión da inserción laboral dos estudantes de últimos cursos
- Comunidade virtual de egresados da ETSE
- Aula Profesional

- Curso de inglés para a docencia
- Avaliación das capacidades transversais dos estudantes de cara á súa integración laboral
- Proceso de acreditación internacional de títulos

#### 4.Rolda aberta

Juan Lema plantexa convocar as reunións cos profesores das distintas titulacións a comezos do mes de setembro para presentar e analizar un primeiro borrador dos informes das titulacións.

Juan Garrido plantexa a realización dalgúns cambios na páxina web para facer máis accesible a información relativa ás memorias dos títulos.

Ademais se discutiu a elaboración dun documento a enviar aos profesores con docencia na ETSE cunhas pautas para a elaboración da programación docente, dado os cambios de normativa referentes á metodoloxía de avaliación, condición de non presentado, materias sen docencia, etc.

Péchase a sesión ás 13 horas.